



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"
Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841
Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402
E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

PROXECTO LINGÜÍSTICO

CEIP TERRA CHA



Informado polo Claustro de mestres/as: 9 de outubro de 2018.

Avaliado polo Consello Escolar: 9 de outubro de 2018.

Aprobado pola Dirección: 9 de outubro de 2018.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

INDICE.

1. Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega
2. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.
3. Medidas para á impartición dun currículo integrado das linguas.
4. Criterios para determinar a lingua materna na etapa de educación infantil.
5. Equilibrio lingüístico: materias impartidas en galego e en castelán.
6. Medidas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas.
7. Addenda anual do proxecto lingüístico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

NORMATIVA XERAL.

Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza universitaria de Galicia.

Instrución do 31 de xullo de 2013 para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.

1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Neste apartado podemos observar, os obxectivos xerais a perseguir para fomentar o uso do galego entre o alumnado de educación infantil e de educación primaria.

- *Implicar a tódolos compoñentes do centro na aplicación e desenvolvemento do proxecto lingüístico.*
- *Promover a autoestima lingüística das familias, valorándoas como elemento imprescindible na transmisión do idioma e como elemento insubstituíble na aprendizaxe dos nenos/as*
- *Defender a Lingua Galega no seu emprego escolar e extraescolar.*
- *Promover a necesidade de escribir e o mesmo tempo favorecer a lectura en galego.*
- *Promover a aprendizaxe da lectoescritura en galego*
- *Aprender a valorar a lingua Galega empregándoa en tódalas situacións comunicativas.*
- *Aprender a utilizar os libros valorando o servizo que prestan.*
- *Valorar as tradicións propias da zona, fomentando o respecto polo que herdamos dos nosos devanceiros.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

- *Dar a coñecer á comunidade educativa o traballo realizado na escola a prol da normalización lingüística, mediante o xornal escolar.*
- *Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos, utilización de recursos que ofrece internet, ...*
- *Coordinar a programación de actividades co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.*
- *Colaborar con outros centros educativos do concello e organismos en prol da Lingua Galega.*
- *Solicitar da Administración Educativa liñas de axuda para a promoción do galego.*
- *Colaborar cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros ou institucións para compartir materiais, experiencias e actividades.*
- *Colaborar coa Comisión da Biblioteca Escolar do centro, na preparación e no desenvolvemento do proxecto do centro, das festas tradicionais, na realización de exposicións, xogos, ... para dar a coñecer aspectos propios da nosa cultura e tradicións como son: O Samaín, Entroido, ... e outras actividades do centro.*

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Tras ver os obxectivos xerais no apartado anterior, a continuación veremos qué actividades se levarán a cabo conseguir os obxectivos citados anteriormente.

- *Comentar e traballar textos e libros en galego coas correspondentes fichas de lectura.*
- *Participar en actividades promovidas por grupos galegos de distintos ámbitos culturais.*
- *Realización de carteis, slogans, murais... relacionados coa lingua galega con motivo da celebración das festas tradicionais galegas no centro educativo: magosto, entroido, día das letras galegas.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

- *Recolleita de cantigas de Nadal, Entroido, berce, cregos...; refráns, regueifas...transmitidos a nivel oral.*
- *Busca de material relacionado cos traballos dos nosos devanceiros.*
- *Celebracións de índole popular e tradicional: magosto, entroido, o samaín, etc.*
- *Confeccionar un receitairo empregando para a súa elaboración produtos típicos da zona: "queixo de San Simón", "o capón", "roscón de améndoas"...*
- *Publicación do Xornal Escolar "A CHAIRA" co gaio da celebración das Letras Galegas.*
- *Participación nos distintos certames literarios organizados na zona.*
- *Fomento da Lingua Galega con sesións de contacontos.*
- *Elaboración de contos, poesías, cómics, obras teatrais en galego.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

3. MEDIDAS TENDENTES Á IMPARTICIÓN DUN CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

Nas diferentes aprendizaxes que se levan a cabo tanto en Educación infantil e primaria, implican ler, escribir, falar e escoitar (dependendo do nivel) e polo tanto son capacidades que non só se poden vincular as áreas lingüísticas. As nocións básicas de escritura e lectura é certo que se adquiren nas áreas lingüísticas, pero estas nocións son necesarias seguir traballándoas no resto de áreas, xa que serán necesarias para seguir construíndo o aprendizaxe, polo que estamos partindo do que xa sabe para continuar e seguir na aprendizaxe (aprendizaxe significativo).

A competencia lingüística vai estar presente en todas as áreas polo que as diferentes programacións terán estándares vinculados a competencia lingüística e os elementos transversais de expresión oral e escrita.

Para que a adquisición da competencia lingüística nas diferentes áreas, os docentes nas súas programacións establecerán criterios para a súa avaliación como corrección lingüística (ortografía, vocabulario apropiado, evitar repeticións ou recheos, concordancias, formas verbais...), a presentación dos escritos (caligrafía, pulcritude, limpeza, marxes, separación entre parágrafos) e a mellora das habilidades básicas (comprensión de textos orais, escritos, audiovisuais e discursivos) nos que se trata de identificar o senso ou idea principal, a finalidade comunicativa e as intencións do falante ou escritor; todo isto de acordo nivel do alumnado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

Cando falamos de adquirir a competencia lingüística non nos referimos so a adquisición da lingua castelá e galega a través das diferentes áreas, senón tamén da lingua estranxeira, aínda que no centro non se desenvolvan seccións bilingües. Desta forma realizaranse actividades e proxectos promovidos dende a área de lingua estranxeira para buscar esta adquisición desta lingua a través das diferentes áreas.

Para lograr esta integración da aprendizaxe das linguas a través das áreas non lingüísticas debemos asumir o material de traballo e discurso das áreas propias das linguas. O mestre ten que ser sensible co seu propio discurso (pedindo asesoramento e axuda nas dúbidas os mestres que impartan áreas lingüísticas), e tamén ter en conta que independente que a materia sexa impartida en galego ou castelán (establecido neste proxecto) , debe ter moi en conta que nas áreas non lingüísticas prevalece os contidos propios da área sobre os contidos lingüísticos, polo que o alumno/a pode expresarse tanto escrito como oralmente en galego ou castelán, de acordo as *Instruccións do Decreto 79/2010 de plurilingüismo* citado anteriormente.

4. EQUILIBRIO LINGÜÍSTICO: MATERIAS IMPLANTADAS EN GALEGO E MATERIAS IMPLANTADAS EN CASTELÁN.

O *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* orientouse nomeadamente cara á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

establecemento materias que son de obrigada impartición en castelán como matemáticas e lingua castelá, e as de obrigada impartición en galego, como son ciencias naturais e ciencias sociais, e como non a lingua galega. A *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* que establece que o 50% das materias teñen que estar impartidas en castelán, debido a isto e buscando dito equilibrio lingüístico, o resto de materias que non teñen un idioma imposto, será decisión do centro educativo, intentado equilibrar o máximo número de horas igual o galego e o castelán de acordo co lexislación citada anteriormente.

Outro aspecto salientable a considerar é o mantemento do equilibrio lingüístico das linguas segundo o marco normativo propio de plurilingüismo. Lingua Galega e Literatura, así como Lingua Castelá e Literatura teñen a mesma consideración en termos de horarios, avaliación e carga lectiva.

Atendendo a isto, podemos ver unha táboa por cursos, das materias que se imparten en galego e das que se imparten en castelán no CEIP TERRA CHA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

1º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN/VSC	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X		
CASTELAN	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	5	4	4	2	3	1	1	2	1	2

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 12

2º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X	X	X	X		
CASTELAN	X		X						X	
Nº HORAS	5	4	4	2	2	1	1	2	2	2

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

3º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN/VSC	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X		
CASTELAN	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	4	4	4	2	3	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

4º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X		
CASTELAN	X		X			X	X		X	
Nº HORAS	4	4	4	2	3*	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

5º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X	X	
CASTELÁN	X		X			X	X			
Nº HORAS	5	4	4	2	2	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 12

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11

6º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MUSICA	PLASTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	RELIXIÓN	INGLÉS
GALEGO		X		X	X			X	X	
CASTELÁN	X		X			X	X			
Nº HORAS	5	3	4	2	3	1	1	2	1	3

TOTAL HORAS EN GALEGO: 11

TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 11



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

5. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA MATERNA DO ALUMNADO EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Na etapa de educación infantil o profesorado utilizará a lingua materna predominante entre o alumnado. Para establecer cal é esa lingua predominante realizarase unha enquisa os pais/nais/titores legais do alumnado de 4º curso durante o mes de setembro, antes de comece o curso escolar. Esta enquisa realizarase de acordo co artigo 5 do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*

Esta enquisa realizarase cada curso escolar, e os resultados da mesma estableceranse na adenda anual do proxecto lingüístico que aparecerá reflexada na programación xeral anual.

Outros criterios a ter en conta para determinar a lingua materna serían os seguintes:

Observación inicial do grupo de alumnos durante os primeiros días: mediante a observación dos momentos de comunicación entre iguais por parte do alumnado, obteranse datos relativos ós usos lingüísticos e lingua materna predominante no alumno.

Estudio sociolóxico do Centro e o do entorno educativo: terase en conta a situación lingüística no centro do alumnado en xeral, de xeito que se poidan obter datos relativos á lingua vehicular predominante no Centro.



6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que o PLC fará constar *que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten*".

O noso sistema educativo baséase na concepción da educación para todos e todas e este principio educativo de igualdade implica a dotación de recursos e medidas para atender a diversidade: agrupamentos específicos, reforzo educativo,...Pero ademais diso, o noso currículo deberá ser flexible para adaptarse ás características do noso alumnado, e por iso o profesorado que imparte clases a grupos nos que hai alumnado con pouca competencia lingüística, terá en conta o seguinte:

- *deberá elaborar estratexias e materiais para que todos/as os alumnos/as poidan seguir o desenvolvemento das actividades lectivas con normalidade, así como propor grupos de traballo flexibles.*
- *Ralentizar o ritmo de introdución de novos contidos e propor actividades de aprendizaxe diferentes. Para isto, recurriremos ao material didáctico co que contamos no centro (na Biblioteca, na aula de Pedagogía Terapéutica ou no Departamento de Orientación), na rede ou, no caso de consideralo necesario, nas librarías.*

Entre o alumnado do CEIP TERRA CHA, os prexuízos máis evidentes son que o utilízase maioritariamente o galego, polo que o nivel de aprendizaxe do castelán alcanzado polo alumnado é claramente inferior o acadado polo galego, debido a que son galego falantes, e exprésanse no seu día a día tanto de forma oral como escrita en galego. Debido a isto maioritariamente, o nivel da aprendizaxe do galego por parte do alumnado é claramente inferior ó acadado



no castelán.

Consecuentemente, este proxecto lingüístico ten como obxectivo principal que o alumnado alcance unha boa competencia lingüística tanto en galego como en castelán, e para acadar estes obxectivo propóñense as seguintes medidas específicas:

- *Reforzo educativo dentro da aula nas materias que se imparten en lingua castelá, onde se fomente fundamentalmente a expresión oral sen esquecer a expresión escrita.*
- *Proxecto lector*
- *do centro, que contará con recursos da biblioteca escolar tanto en galego como en castelán, así como do profesorado das distintas áreas e materias, coa finalidade de fomentar os hábitos lingüísticos do centro: lectura, escritura e habilidades informativas.*
- *Presentacións de lecturas en castelán por parte do alumnado que non teña unha adecuada competencia lingüística.*
- *Actividade de carácter quincenal/mensual na que o alumnado realiza unha breve exposición dos aspectos dun libro en castelán. Fai unha pequena investigación sobre o autor, introduce a temática e explica cales foron os motivos da súa elección.*
- *Elaboración de relatos, poemas, narracións en castelán relacionados cunha época ou festividade do ano (samaín, magosto, nadal, entroido...), e presentar eses traballos o resto dos compañeiros/as na hora de ler, e tamén participar en concurso que ofrezan este tipo de propostas literarias en castelán.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

De todos os xeitos, as medidas a tomar dependerán do historial evolutivo e académico e da competencia lingüística do/a alumno/a nas linguas galega e castelá. En todo caso, será o departamento de orientación, respectando a lexislación vixente e en función das características anteriores, quen determine e oriente sobre as medidas a tomar.

Destas medidas serán informadas as familias de acordo a que as familias serán informadas dos reforzos, medidas, estratexias para atender as necesidades dos seus fillos/as, de acordo o *Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula á atención a diversidade nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Director.

Asdo: José Manuel López Barrio.

En Román a 9 de outubro de 2018.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"

Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841

Tf. 982 511 402 Fax 982 511 402

E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipterracha/>

7. ADDENDA ANUAL DO PROXECTO LINGUISTICO.

7.1 Actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais en Educación Infantil.

En Educación Infantil, a diferenza da Educación Primaria, a aprendizaxe da lingua é un proceso global, que atinxe tódolos momentos educativos. Atendendo á lingua vehicular do proceso de aprendizaxe-ensinanza, empregamos a lingua galega, aínda que tamén se traballa a competencia na outra lingua oficial da nosa nacionalidade.

A nosa metodoloxía, que tentamos sexa o máis construtivista posible, levanos a asumir o desenvolvemento do traballo por proxectos. De acordo á esta metodoloxía, onde o proceso educativo é global e impregna todos os momentos do traballo diario, resulta de grande dificultade a cuantificación do horario específico adicado ao ensino de cada unha das dúas linguas oficiais.

Como estratexias metodolóxicas fundamentais destacar as seguintes:

- *Atendendo á lingua vehicular do proceso de aprendizaxe-ensinanza, normalmente, tratamos de empregar a lingua galega, por estar así decidido no Proxecto Educativo do Centro e coincidir cos valores da enquisa realizada aos pais/nais.*
- *Emprego de documentación de traballo bilingüe. Traballamos con materiais escritos en lingua galega e en lingua castelá.*
- *Emprego de oralidade e materiais (dicionarios, enciclopedias) en lingua castelá, para a clarificación terminolóxica de termos confusos, descoñecidos ou de especial dificultade. Algunhas das actividades para o*

desenvolvemento da competencia lingüística nas dúas línguas, tendo en conta que esta competencia está referida ó uso por parte do neno/a das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir, son as seguintes:

- *Os rituais diarios : a asemblea: o tempo de diálogo o planificación das tarefas ó comezo do día,*
- *O tempo da “Lectura Silenciosa”*
- *A creación das normas da clase,*
- *O conto e o seu ritual.*
- *Invento un conto a apartir de preguntas.*
- *Buscamos información en libros sobre o proxecto que estamos a traballar.*
- *Lemos tarxetas de vocabulario relacionadas co proxecto*
- *Fago unha lista enumerativa de palabras relacionadas cun tema.*
- *Descrición de obxectos, persoas e situacións.*
- *Escribo unha noticia*
- *Preparamos unha entrevista*
- *Aprendemos e escribimos receitas*

7.2 Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.

A continuación veremos unha serie de actividades do proxecto de fomento do uso do galego que presentamos na Secretaría de Política Lingüística e que desenvolvemos no curso 2017/2018.

C.1. Actividades propostas para a celebración de festas tradicionais

C.1.1 Magosto.

- *Facer murais colectivos sobre o castiñeiro e o outono.*
- *Recoller adiviñas e refráns relacionados co magosto*
- *Inventar xogos relacionados coa castaña, poñerlles nome e normas e prepararlos para que o alumnado xogue o día do magosto. Estes xogos recolleranse dentro do PDC do Plan Proxecta.*

Valoración: *as actividades que se propoñen foron realizadas neste curso de forma satisfactoria, participando a totalidade do alumnado, e publicando os traballos realizados na revista dixital mensual a chaira, na páxina web do centro*

e no xornal “El progreso”. Destacar que as adiviñas, xogos e refráns foron realizados todos en lingua galega.

C.1.2. Nadal.

- Recoller paxoliñas e cantos de reis típicos da zona.
- As actividades a realizar por nivel (adornos, carteis...) para a celebración do Nadal na aula serán en galego.
- Facer o festival de Nadal con actuacións (títeres...) preferentemente en galego

Valoración: *destacar que tamén se realizaron as actividades descritas anteriormente, e que se poden observar na revista dixital a Chaira. Destacar que no Nadal colaboramos coa Asociación de San Xoán de Árbol, o cal realizamos unha actividade de Nadal “Visita de “Santa Claus” onde os nenos/as entregaron cartas dirixidas a esta personaxe, realizadas en lingua galega.*

C.1.3. Entroido.

- Recoller información sobre a celebración do entroido nos tempos dos avós do alumnado.
- Recoller coplas do entroido desta zona e “antroidadas” doutros tempos e recopilalas nunha edición especial do colexio.
- Facer carautas e disfraces para o entroido.
- Participación activa na festa do entroido de toda a comunidade educativa.

Valoración: *salientar que se realizaron todas as actividades citadas, e a temática dos disfraces foi sobre oficios tradicionais galegos, para así continuar co proxecto do PLAMBE que ten como temática os oficios tradicionais. Destacar a implicación das familias na elaboración dos disfraces.*

C.1.4 Letras galegas.

- Recoller nun dossier toda a información posible sobre xogos populares da zona e preparar unha xornada especial para executalos coincidindo coa festa das letras galegas. (Esta actividade queremos levala a cabo de forma conxunta con outros colexios da zona). Destacar que estes xogos populares integranse dentro do PDC do Plan Proxecta.
- Estudar o autor ao que se lle dedica o Día e representar a súa vida a través de murais, comics, escolma da súa obra...
- Facer adhesivos que axuden a valorar , estimar e sentirnos orgullosos da nosa lingua.
- Continuar coa revista oral intentando recuperar o noso patrimonio cultural (lendas, contos, oficios...)

Valoración: no que respecta os xogos populares destacar que xa se realizaou dita recopilación no Magosto, e que se seguiron practicando os mesmos. Ademais disto realizamos unha actividade deportiva de intercentros promovida polo Concello de Vilalba, e a asistencia a unha obra teatral sobre unha obra de Maria Victoria Moreno: persoa a que se lle adican as letras galegas no ano 2018.

C.2. Campaña de lectura.

- Elaborar carteis que animen á lectura en galego.
- Crear bibliotecas de aula coa aportación de libros prestados polo alumnado
- Adquirir libros de lectura en galego para a biblioteca do centro, axeitados a todas as idades do noso alumnado, e facer uso da mesma.
- Visitar a biblioteca do concello e aprender a facer uso deste servizo.
- Participar, sempre que se poda, nas diferentes campañas sobre a nosa lingua que organicen as diferentes asociacións da zona.
- Fomentar a elaboración propia de contos, lendas, cantigas...
- Fomentar a nosa lingua con sesións de contacontos que visiten o centro.

Valoración: *cabe destacar que as actividades citadas anteriormente foron realizadas todas por todo o alumnado, destacando principalmente a visita do contacontos Anxo Moure no mes de Maio, e a participación de todo o alumnado no Certame Literario promovido polo CEIP INSUA BERMÚDEZ.*

C.3. Prensa escolar.

- Publicación do xornal escolar “A Chaira” co gallo da celebración das letras galegas.
- Continuar coa revista oral para a recuperación do noso patrimonio inmaterial (oficios, lendas...).
- Publicación mensual da revista dixital “A Chaira” que será dada o coñecer a través das TIC tanto a comunidade educativa e a outros centros da localidade e fora da localidade.
- Desenvolver a creatividade nos ámbitos da expresión oral e escrita.
- Valorar a corrección e limpeza nos traballos persoais e de grupo.
- Potenciar a cooperación.

Valoración: *destacar que estas actividades foron pioneiras neste curso, xa que os anteriores cursos non se realizaron, logrando unha implicación total tanto do alumnado como das familias á hora da elaboración dos traballos que se*

encomendaron. Destacar que se realizou unha impresión en soporte dixital do xornal “A Chaira” para enviar a outros centros educativos.

C.4. Viaxes culturais

- Elaborar e interpretar mapas dos itinerarios a realizar en cada unha das saídas que se fagan.
- Observar as influencias positivas e/ou negativas que exercen a man do home sobre o medio.
- Gozar e aprender fora da escola.

Valoración: *durante este curso incrementáronse notablemente as visitas culturais, participando nelas a totalidade do alumando. Cabe destacar as seguintes:*

- Visita a un supermercado con unha guía: Gadis Vilalba.*
- Actividade intercentros para o día da discapacidade: Vilalba*
- Asistencia a Ópera Aída: Vilalba*
- Visita o cine: Lugo.*
- Visita o barrio dos canteiros e a Catedral de Mondoñedo.*
- Visita a San Caetano e o Parlamento de Galicia.*
- Visita o Concello de Vilalba e a Policía Local.*
- Visita o embarcadoiro de Belesar e o Museo do Ferrocarril en Monforte.*

C.5 Utilización das novas tecnoloxías.

- Dar uso ao ordenador que temos nas aulas.
- Buscar información en lingua galega na internet adaptada a cada materia e a cada nivel.
- Elaborar mensualmente a revista dixital “A Chaira” para dar a coñecer as múltiples actividades que se van realizando para o fomento e uso da lingua galega.

Valoración: *destacar principalmente a implicación tanto do profesorado, alumnos e familia a hora de realización de traballos para a revista dixital “A Chaira” a cal foi un gran éxito debido os traballos realizados e o visionado da mesma.*

C.6. Colaboración con outras institucións e con outros centros

- Poñerse en contacto con outros colexios da comarca para realizar experiencias conxuntas relacionadas coa difusión e emprego da nosa

- lingua.
- Participar en actividades promovidas por grupos ou institucións galegas de distintos ámbitos culturais.

Valoración: *destacar a participación das actividades intercentros que citei en apartados anteriores, e tamén a participación no Certame Literario citado anteriormente.*

7.3 Programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.

Destacar neste punto que no curso 2018/2019 seguiremos na mesma liña que no anterior curso, dando máis peso a revista dixital, e seguindo potenciando as actividades intercentros. Destacar que o programa de actividades será concretado no Plan de fomento do uso do galego, que se elabora dende o curso pasado para acceder as axudas anuais que outorga a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

7.4 Resultado da enquisa dos pais/nais sobre a lingua materna predominante.

Neste presente curso 2018/2019 foron matriculados en 4º de educación infantil tres alumnos/as, dos cales todos eles trala entrevista cos pais e a avaliación inicial dos alumnos/as chegase a conclusión de que os tres alumnos/as teñen como lingua predominante o galego.